



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

g_{alicia}

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 36011579 | A Guía | Vigo | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------------------|---------------------------|-------------------------|------------------------------------|------------------------|
| AFD | Actividades físicas e deportivas | CD3AFD000200 | Acondicionamento físico | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 2024/2025 | 4 | 107 | 128 |
| MP1709_12 | Prevención de riscos laborais | 2024/2025 | 4 | 50 | 60 |
| MP1709_22 | Empregabilidade e relacóns laborais | 2024/2025 | 4 | 57 | 68 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | PAULA ÁLVAREZ GONZÁLEZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de IPE I, forma parte do currículo de todos os ciclos formativos que integran a formación profesional regada. E isto é así debido a que todos os alumnos que pretenden convertirse en futuros profesionais deben recibir unha formación básica xeral con independencia do seu perfil profesional. Todos eles deberán coñecer os seus dereitos e deberes como traballadores por conta aldea, recibir formación básica en prevención de riscos laborais e adestrarse nas técnicas de busca de emprego que posibiliten a súa inserción laboral.

No contexto galego, compre destacar a atribución dunha carga horaria específica para cada unha das dúas unidades formativas do módulo. Así, atribuindo un total de 50 horas á UF1, dótase ao módulo de IPE I dun valor engadido, xa que a superación do módulo facilita a obtención do título de Técnico Básico en Prevención de Riscos Laborais.

O currículo do módulo atópase regulado na Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25. É común en todos os ciclos de FP Regada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior.

En canto á súa adecuación ao ámbito produtivo, o currículo deste módulo prepara os alumnos para a súa inserción laboral nas empresas localizadas na bisbarra de Vigo. O IES A Guía está ubicado no barrio de Teis, concello de Vigo, no que se pode denominar un entorno urbano.

Os alumnos proceden de Vigo e dos concellos limítrofes, xa que os estudiantes que viven nos pobos da comarca que están interesados en cursar determinados ciclos formativos vense obrigados a acudir ós centros da cidade. Por tanto, non que se trata dun alumnado se pode dicir urbano na súa totalidade, xa que moitos proceden de vilas das comarcas veciñas e outros residen nas áreas rurais do concello de Vigo. As familias dos alumnos teñen, en xeral, un nivel socioeconómico medio e medio, sen ningunha outra característica sociolóxica a destacar.

Tal e como recolle a LOE no seu capítulo I adicado aos principios da educación, o sistema educativo debe orientarse ao pleno desenvolvemento das capacidades do alumnado así como capacitar ao mesmo para o exercicio das actividades profesionais. Entre os obxectivos establecidos por esta lei para a FP, cómpre destacar aqueles que teñen unha relación directa co módulo de IPE I, que son os seguintes:

- Comprender os mecanismos de inserción profesional, os diferentes tipos de organizacións nos que poden chegar a traballar así como a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que nun futuro terán.
- Aprender a traballar en equipo, adestrar as habilidades sociais que lles permitan resolver conflitos de xeito positivo e tomar conciencia e fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres co obxecto de que poidan acceder a unha formación que lle permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio destas.
- Prever posibles riscos no traballo adoptando todas as medidas de seguridade e saúde necesarias.
- Ter unha visión motivadora do perfil profesional que os dirixa a querer mellorar e adaptarse ós cambios que se produzan tanto na organización como no entorno productivo.

Tendo á vista a lexislación educativa galega, conforme ao Decreto 114/2010 citado, enuméranse os seguintes obxectivos, vincellados estreitamente con este módulo:

- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.
- Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA)

- Tomando como referencia o DCP do módulo, enuméranse os obxectivos didácticos que con carácter xeral se pretenden acadar con cada módulo profesional. Estes obxectivos nos DCBs dos ciclos formativos de FP

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

exprésanse en termos de Resultados de Aprendizaxe (RA) e enténdense como as competencias que debe adquirir o alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe que lles ha de permitir desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

O art. 10 do Decreto 114/2010, que sinala que o currículo de determinados módulos profesionais pode dividirse en Unidades Formativas de menor duración. Este é caso do módulo de IPE I, no que os RAs se distribúen en dous bloques ou Unidades Formativas:

Resultados da Aprendizaxe da U. F. 1: Prevención de Riscos laborais (50 horas)

- RA1. Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel bá sico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.
- Unidade formativa 2: Empregabilidade e relacións laborais (57 horas)
- RA2. Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionánndoos coas competencias profesionais expresadas no título.
- RA3. Analiza e avalía o seu potencial profesional, a súa vocación e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, dos intereses e das destrezas persoais.
- RA4. Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual.
- RA5. Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identífiacaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, especialmente, no convenio colectivo do sector.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descripción | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|-------------|--------------------|----------|
| 1 | A prevención de riscos: Conceptos básicos | | 15 | 10 |
| 2 | Factores de risco e a súa prevención | | 15 | 10 |
| 3 | A prevención de riscos: Organización e lexislación | | 15 | 10 |
| 4 | Emerxencias e primeiros auxilios | | 15 | 10 |

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

| U.D. | Título | Descripción | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|-------------|--------------------|----------|
| 5 | O Dereito Laboral e a participación dos traballadores | | 12 | 10 |
| 6 | O contrato de traballo e a xornada | | 10 | 10 |
| 7 | O salario e a nómina | | 10 | 10 |
| 8 | Modificación, suspensión y extinción del contrato | | 12 | 10 |
| 9 | A Seguridade Social e o desemprego | | 12 | 10 |
| 10 | Orientación laboral | | 12 | 10 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | A prevención de riscos: Conceptos básicos | 15 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título |
| CA1.1.1 Analizouse a relación entre a saúde e as condicións laborais. |
| CA1.1.3 Determináronse as diferentes medidas de prevención e protección ante as distintas condicións de risco. |
| CA1.2 Clasifícaronse e describiríronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenças profesionais |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Principais técnicas de prevención. |
| Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade. |
| Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. |
| Relación entre trabalho e saúde. |
| Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de trabalho e dos factores de risco detectados. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------------------|----------|
| 2 | Factores de risco e a súa prevención | 15 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de trabalho do sector profesional relacionado co título |
| CA1.1.2 Analízárónse os factores de risco producidos polas condicións de seguridade, medioambientais, ergonómicas e psicosociais. |
| CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Principais medidas de prevención e protección ante os diferentes tipos de risco laboral |
| O Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo. |
| Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenças profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.). |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 3 | A prevención de riscos: Organización e legislación | 15 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliação |
|--|
| CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais |
| CA1.6 Clasifícaranse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos |
| CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emergencia, e reflexionouse sobre o contido deste |
| CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Actuación en caso de risco grave e inminente. |

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

O Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.

Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.

Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).

Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.

Marco normativo.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------------------|----------|
| 4 | Emerxencias e primeiros auxilios | 15 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.4 Analízárónse os protocolos de actuación en caso de emergencia |
| CA1.9 Identifícaranse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios |

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Protocolo de actuación ante unha situación de emergencia. |
| Actuación responsable en situaciones de emergencia e primeiros auxilios. |
| Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios. |
| Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias. |
| Protocolos de actuación ante diversas situaciones de emergencia na empresa. |
| Plan de emergencia e evacuación en contornas de traballo. |
| Composición da caixa de primeiros auxilios. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 5 | O Dereito Laboral e a participación dos traballadores | 12 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta aldea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analízaronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título |
| CA4.1.1 Analízaronse as obrigas e os dereitos laborais derivados da relación laboral. |
| CA4.1.2 Identifícone o convenio colectivo do sector, así como a forma de representación dos traballadores na empresa. |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

CA4.1.3 Recoñeceuse o conflito colectivo e as súas características.

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| O Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |
| Conflitos colectivos na empresa. |
| Análise da relación laboral individual. |
| Dereito do traballo. |
| Representación das persoas traballadoras na empresa. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------------------|----------|
| 6 | O contrato de traballo e a xornada | 10 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de trabalho pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título |
| CA4.1.4 Determináronse as condicións de trabalho establecidas na lexislación. |
| CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais |
| CA4.3 Identifícaronse as características definitorias das novas contornas de organización do trabalho e os dereitos que levan consigo |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de trabalho. |
| Análise das principais condicións de trabalho: clasificación e promoción profesional, tempo de trabalho, retribución etc. |
| Novas contornas na organización do trabalho e as súas implicacións nas relacións laborais. |
| Modalidades de contrato de trabalho e medidas de fomento da contratación. |
| Retos laborais derivados da contorna dixital. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------|----------|
| 7 | O salario e a nómina | 10 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.4 Identifícaranse os compoñentes do recibo de salario |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise do recibo de salario e das súas partes. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 8 | Modificación, suspensión y extinción del contrato | 12 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.5 Identifícaranse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral |
| CA4.5.1 Identifícaranse as posibilidades de modificación do contrato de trabalho. |
| CA4.5.2 Identifícaranse as posibles suspensións do contrato de trabalho. |
| CA4.5.3 Identifícaranse as formas de extinción dos contratos de trabalho e calculáronse as liquidacións. |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Modificación, suspensión e extinción do contrato de trabajo. |
| Modificacións contractuais |
| Suspensións contractuais |
| Extincións contractuais e finiquitos |

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------------------|----------|
| 9 | A Seguridade Social e o desemprego | 12 |

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía |
| CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral |

4.9.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación). |
| Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación. |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Seguridade Social e estado do benestar.

Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

Estrutura do sistema de Seguridade Social.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------|----------|
| 10 | Orientación laboral | 12 |

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de trabalho, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título | SI |
| RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais | SI |
| RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma reconéscendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual | SI |

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Analízaronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional |
| CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado |
| CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais más relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo |
| CA2.1 Avalíáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento |
| CA2.2 Analízaronse as calidades e as competencias persoais afins á actividade profesional relacionada co perfil do título |
| CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

- | |
|--|
| CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional |
| CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego |
| CA2.6 Identifícaronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional |
| CA2.7 Identifícaronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais |
| CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador |
| CA2.9 Identifícaronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional |
| CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral |
| CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego |
| CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias |
| CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral |
| CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade |
| CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade |
| CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade |
| CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade |
| CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade |
| CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional |
| CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.10.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública |
| Competencias persoais e sociais más demandadas no mercado laboral actual. |
| Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes. |
| Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura. |
| Traballo na Administración pública. |
| Identificación e descripción dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas. |
| Traballo por conta allea e traballo por conta propia. |
| Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo. |
| Capacidade autocítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. |
| OAutoanálise e toma de decisións académicas e profesionais. |
| Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, outros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores. |
| Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación. |
| Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. |
| Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación. |
| Autocñecemento, autonomía persoal e autopercepción. |
| Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo. |
| Información sobre a estrutura do sistema educativo. |
| Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire. |
| A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio. |
| Estratexias para superar as eivas de comunicación. |
| OAspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais. |



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.

Oportunidades de formación e emprego en Europa.

Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.

Habilidades de organización e xestión.

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.

Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Concepto.

O Pegada e reputación dixital.

Concepto e características.

Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móviles; certificacións en liña; grupos de discusión.

Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.

Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvimento persoal e profesional.

Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.

Protección de datos persoais e identidade dixital.

Relevancia para a empregabilidade..

Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.

Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvimento persoal e profesional.

Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.

Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os sinalados nas diferentes unidades didácticas.

A cualificación por trimestre calculárase como a media ponderada de:

- Proba obxectiva (peso na avaliação 80%). Realizarase polo menos unha proba escrita por avaliação, que incluirá preguntas de desenvolvemento e/ou tipo test (de resposta única) ou ben supostos prácticos, relativas aos contidos traballados en cada avaliação. Cada unha destas probas valorarase de 0 a 10 puntos, tendo que acadar polo menos un 5 sobre 10 para resultar APTO. Se a avaliação está suspensa realizarase unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliação. Unha vez posta esta nota, este apartado barémase nun 80% con respecto á nota final da avaliação.

- Actividades de aula, traballos individuais e colectivos (peso na avaliação 20%). Estas actividades cualificaranse entre 0 e 10. De facer varios traballos/tarefas ao longo da avaliação, están farán media entre si. Na realización das actividades e traballos individuais e colectivos, valoraranse aspectos coma a participación, iniciativa e implicación no trabalho individual ou en equipo, a presentación, calidade e dominio dos contidos traballados, os prazos de entrega,...

A nota de cada avaliação parcial será o resultado da suma dos dous apartados (20% das actividades e trabalhos + 80% da proba obxectiva) sempre que se alcance polo menos un 4 en cada un dos instrumentos e un 5 na nota final para resultar apto. É preciso alcanzar todos os RA mencionados no resto de apartados para superar o trimestre cunha nota de 5 ou máis en cada un deles.

Se un alumno non supera algúna das avaliações, terá que facer un exame de recuperación, que consistirá na resposta a preguntas relativas aos contidos traballados na/s avaliações pendentes. A nota final do módulo será a media das avaliações cando estean todas aprobadas. Se hai algúna suspensa, aínda que a media das tres sexa igual ou superior a 5, o módulo quedará suspenso.

Xestión de decimais na avaliação final:

Na acta de avaliação final, para o cálculo da puntuación gardaranse os decimais obtidos nas distintas avaliações e que se redondearon nas avaliações previas por exceso ou defecto á cifra más próxima. Por exemplo, un 6,67 puntuarase como 7, mentres que un 6,41 puntuarase como 6. En caso de equidistancia, puntuarase co número enteiro más alto. Por exemplo, un 5,5 cualificarase como 6 e non como 5. A excepción á práctica de redondear cara arriba será para as notas entre 4 e 5, xa que automaticamente equivalen a 4. Por exemplo, un 4,9 implica unha nota de 4 e non 5 a pesar de que a cifra está máis preto de 5 que de 4.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A superación da avaliação posterior NON comprende as anteriores.

Para a recuperación do alumnado vanse empregar as seguintes técnicas e instrumentos, en xeral:

-Exames escritos ao inicio da seguinte avaliação. Os exames serán tipo test ou de preguntas curtas, ademais de incluír casos prácticos de cálculo en función dos contidos de que se traten (100% da avaliação).

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Os criterios de avaliación extráense do currículo do módulo. No caso de IPE I, estes coinciden nos currículos dos diferentes títulos de FP e deberán adaptarse aos obxectivos marcados para cada unidade didáctica por cada profesor e xa foron expostos anteriormente.

Será cometido do profesor do módulo facer unha programación das actividades de recuperación para os alumnos que non lograron superar o módulo co obxectivo de preparalos axeitadamente e que poidan superar a proba de avaliación extraordinaria.

O profesor proporá actividades de reforzo aos alumnos en xeral, e especialmente a quen manifeste dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, para que podan resolvelas de forma autónoma. Entre a última avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período destinado á realización de actividades de recuperación ou solución de dúbihdas da materia ou módulo pendente.

Despois do periodo de recuperación, terá lugar o Exame Final, onde o alumnado terá oportunidade de recuperar as avaliacións pendentes. Haberá que examinarse soamente das avaliacións parciais non superadas anteriormente. Neste caso, a nota do exame será a que faga media co resto de avaliacións parciais para calcular a nota final, sempre que a recuperación estea aprobada. Deben acadarse todos os RA para que o alumnado resulte APTO.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10 % de faltas de asistencia, que no módulo de FOL, equivale a 11 horas ou 13 sesions de 50 minutos.

En tal sentido, o alumno que perdera o dereito á avaliación continua deberá realizar un exame final.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estos alumnos son:

- Proba escrita (100% da cualificación): incluirá diversas preguntas teóricas de toda a materia, no que se incluirán contidos das 10 unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, no que se incluirán exercicios de cálculo numérico. A proba denominarase Proba Final Extraordinaria e indicarase oportunamente. Os criterios de avaliación neste caso son:
- Os establecidos para cada unha das unidades didácticas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación informática de xestión de programacións. Comprobarase o grao de cumprimento a mesma e as posibles desviacións ou melloras que poden mellorar a planificación do actual curso e/ou de cursos posteriores. Mensualmente informarase na reunión do departamento do seguimento da programación, datos que serán tidos en conta na memoria final do curso. Tamén informarase ao alumnado das posibles desviacións que sofra a programación, sobre todo no referente á construcción da nota.

É necesario analizar o proceso de ensino para determinar:

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

- A idoneidade do deseño e desenvolvemento da programación.
- O estudo de las posibilidades e limitacións que ofrece o contexto socio-cultural.
- As habilidades que se persiguen.
- O valor dos contidos seleccionados para as unidades didácticas.
- A adecuación da metodoloxía.
- A coherencia das experiencias na aula.
- A validez dos métodos de avaliación.
- A adecuación ao ritmo de traballo dos alumnos.

Para valorar o proceso de ensino, empregaremos un cuestionario, ademais de utilizar a información sobre o aprendizaxe e desenvolvemento dos alumnos para reorientar o proceso de ensino-aprendizaxe

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A observación do alumnado durante as primeiras semanas do curso (comportamento, forma de redacción, forma de enfrentarse á resolución das tarefas, etc) e a corrección dalgunha das tarefas que deben entregar serán as ferramentas para realizar a avaliación inicial. (Data de avaliación inicial: finais outubro)

Informarase ao tutor/a no caso de detectar algún problema de aprendizaxe nalgún alumno/a. Asemade teranse en conta as orientacións que poida establecer o departamento de orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie de circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante a aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xenerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado. Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

-Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantido sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgúns explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sana e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.
- Igualdade de oportunidades / Rexitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares. A intención de programar este tipo de actividades no módulo de FOL é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como traballadores ou desempregados, etc.

A continuación definense ambos tipos de actividades, enumerando algunas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

- Celebración do Dia Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo o 28 de marzo cunha xincana no centro
- Obradoiro de extinción de incendios
- Taller de primeiros Auxilios
- Xornada de equipos de traballo

10. Outros apartados

10.1) Implementación da programación

A programación ao tratarse dunha planificación inicial e de que a súa implementación depende de distintos factores, como as características do alumnado (descoñecidas por parte da docente no momento de planificar as actividades, tarefas e temporización), poderá estar suxeita a algún tipo de modificación que deberá recollerse e anotarse no seguimento da mesma. Neste caso, informarase ao alumnado das posibles desviacións da programación, sobre todo no que atinxe á construcción da nota final.

10.2) Aula virtual

Cóntase cun aula virtual como instrumento para que o alumnado entregue as tarefas, realice os test e disponga de documentación necesaria para o módulo (programación, avisos, documentos de apoio ás tarefas, etc)